

EXPEDIENTE:	2023/00037144A. Modificación puntual núm. 1 do PXOM no ámbito da OE-6. Xoán XXIII – Universidade
PROCEDIMENTO:	Resumo executivo

Este resumo executivo elabórase en cumprimento do esixido polos artigos 25.3 do Texto refundido da Lei do solo, 144.6 e 207.2.d) do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

1. Ámbito da Modificación

A modificación proposta afecta ao inmovible, propiedade da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que alberga o colexio *López Ferreiro* e as escolas universitarias de Ciencias da Educación e Enfermería.

O inmovible sitúase no número 4 da avenida Xoán XXIII, e figura no Catastro coa referencia catastral 748403NH3478C0001TZ.

2. Obxecto da Modificación

O obxecto principal da Modificación puntual (MP) é incorporar a edificación existente -proxeitada nos anos 50 polo arquitecto Moreno Barberá- ao *Catálogo de bens culturais* do PXOM, co nivel de protección *estrutural*, e coa referencia A-69.

Na ficha de catalogación defínense os caracteres determinantes e as normas específicas de protección, con indicación das actuacións permitidas e do réxime de autorizacións.

Defínese así mesmo o contorno de protección do ben catalogado, que se atopa tamén incluído dentro do *perímetro azul* da cidade histórica

A MP mantén a actual cualificación de parte do inmovible como equipamento docente (DOC-10, colexio *López Ferreiro*).

O resto da parcela -cualificado no plan vixente para uso hoteleiro- cualifícase na MP como dotación pública do sistema xeral de equipamento comunitario (RE-OE.6), cos seguintes usos específicos, todos eles previstos no artigo 136 do PXOM: docente e investigación (que inclúe residencia universitaria), deportivo, sanitario e asistencial, sociocultural, público-administrativo, así como “calquera outro uso dotacional” que cumpra os requisitos da alínea h) do artigo 136.

3. Suspensión de actos suxeitos a licenza e comunicación previa

Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial -adoptado polo Pleno municipal o día 24.06.2024- determina, por si só, a suspensión dos procedementos de licenza e de comunicación previa no ámbito da parcela catastral 748403NH3478C0001TZ para os actos que poidan devir incompatibles co resultado da modificación inicialmente aprobada.

A suspensión afecta:

1. Ás licenzas de edificación, parcelación e derruba.
2. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
3. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.
4. Ás obras de reforma que non estean permitidas na ficha de catalogación proposta.
5. Aos actos que supoñan a implantación de novos usos ou actividades non permitidos pola Modificación inicialmente aprobada.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

A suspensión terá unha duración máxima de DOUS ANOS -contados dende o 24.06.2024-, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva e entrada en vigor do novo planeamento.